

## PEZA DO MES

outubro

2018

---



**SEMENTES**  
**CASTRO DE TRELLE**

XUNTA DE GALICIA



CASTRO DE TRELLE. VOO INTERMINISTERIAL. OUTUBRO 1981. FOTOTECA CNIG

## Sementes

### Castro de Trelle

*Non existe ningún problema, por complicado que sexa, que despois de analizado adecuadamente non se complique máis.*

A. Koestler

### O castro de Trelle

O ourensán castro de Trelle atópase situado entre os municipios de Toén, Cartelle, Barbadás e A Merca, próximo á parroquia de Santa María de Trelle, no vértice xeodésico de 2ª ORDE denominado O Castro (x: 586.657, e y : 4.680. 208, z: 635), na cuadrícula UTM 29TNG8680. Preto atópanse os lugares das Labradas e do Val de Abelaira, con outros topónimos próximos como O Castro de Pereira, O Castro, Eiriñas dos Mouros, Pedra Furada, etc., polo que a zona é coñecida na literatura e polos paisanos como os Castros de Trelle. Accédese a el por estradas asfaltadas desde Ourense –A Valenzá– Moreiras ou de Ourense –Mugares– Toén, Trellema, existindo tamén conexión por A Vaqueriza con Loiro (Barbadás).

Foi descrito e medido por Cuevillas (*Nós*, 1928) que inclúe na mesma publicación un plano del. Este autor destaca a súa pertenza, xunto co próximo de Peneda da Lebre (A Merca), ao grupo dos castros con dous recintos murados. Tamén recolle o folclore asociado a este castro, e tantos outros, das minas de ouro e de alcatrán, da Virxe de ouro, dos buratos sen fondo, etc., que en tempos máis próximos recolleu dos veciños, con variantes, Vázquez-Moxardín Fdez. (1994).

Desde o Castro divísase un extenso territorio, en especial cara a Castromao (732 m) e Santa Ádega (681 m), o que nos leva a considerar os estudos sobre área de visión, topografía e territorialidade no mundo castrexo (Xusto Rguez., M. 1988-89, 1993).

O Castro sufriu variados avatares, pero nunca foi escavado cientificamente. Antes de 1970 temos noticias dun espolio clandestino dunha cabana circular, que proporcionou unhas pezas metálicas (bronce?) actualmente en paradiro descoñecido. En 1972 entregamos no MAPOu numerosos fragmentos cerámicos recolleitos en superficie e ese mesmo ano un garda forestal depositou os fragmentos dunha ola globular castrexa, tipo Cameixa no devandito museo, que foi reconstruída enteira. En 1978 publicamos no BAur. uns materiais achados en superficie (1971) nos vertedoiros da pista forestal que ascende ao castro (unha afiadoira, unha fusaiola, anacos de cerámica e unha fíbula de bronce, así como grans de cereal –trigo–) (1972). En 1977 repoboouse a contorna con piñeiros e polos mesmos anos móntase unha inoperante torre de vixilancia contra incendios. En 2017 dónanse ao MAPOu catro anacos cerámicos, correspondentes a dúas vasillas, e uns grans de trigo daquel lote. Os grans de trigo (ao redor de medio centenar) apareceron calcinados, soltos, e incluídos nunha masa arxilosa, xunto a carbóns vexetais e anacos de cerámica castrexa, lisa (...) «entre as raíces dun piñeiro caído». «Parte dos grans de trigo (foron) cedidos para o seu estudo ao Prof. Vázquez Varela (Dr. de Prehistoria da Universidade de Santiago)».

### A agricultura en Galicia

Na súa progresión cara a occidente, polo Mediterráneo, as prácticas agrícolas (coas súas grandes modificacións na forma de vida: beneficio diferido, sedentarismo, aumento da poboación, excedentes, elites estatalizantes, etc.), ben como expansións sucesivas a partir do Crecente Fértil (desde 9000 a. C.) ou de focos secundarios independentes e europeos (antes do 6000 a. C.) vai

paseniño ao chegar á fachada atlántica. Así, parece detectarse unha certa resistencia, por parte das comunidades de cazadores-recolledores, motivada por tres factores: medio desfavorable para o cultivo, gran densidade de poboación mesolítica e gran riqueza de recursos mariños (marisqueo, pesca, caza de mamíferos e aves). Así comunidades como a dos concheiros neolitizáronse lentamente. O seu sistema económico era moi efectivo para o cambio a sociedades agropecuarias. Desta forma os habitantes do estuario do río Texo conviven durante máis de 500 anos con comunidades neolitizadas do interior. Así parecen demostralo os estudos do C13 e N 13 concentrados nos ósos segundo o réxime alimenticio (Arias Cabal, P., 1998 e Buxó, R., 1990).

O avance da agricultura cara ao noroeste peninsular realízase desde Portugal. Temos unha primeira data (estudos polínicos con Cerealia) no S de Galicia, na Fontela (4450 ± 50 BP) e outras para o N, que van desde as de Tremeol da Pena ( 5490 ± 90 BP) ata as dos Montes de Buio (4740 ± 40 BP). O xacemento con presenza polínica e tamén carpolóxica máis antigo é o de Prado do Inferno (4140 ± 120 BP). A partir destas datas serán moi abundantes os achados como en Penalba (2630 - 80 BP) ou Castro de Vixil (2050 BP).

Cultívanse trigos, cebada, centeo, millo miúdo común, *Setaria*, avea, fabas (fabocas), chícharos, *Brassica*, etc.

Os útiles de sega empregados serían nos seus inicios os micrólitos engastados, que presentan pegadas de abrasión pola sílice; as fouces metálicas como as achadas na Lanzada, Neixón, Torroso, San Millao, etc. ou ben as *mesorias*, consistentes en dous paus unidos por unha corda ou correa (aínda empregadas en Asturias). O tipo de instrumento usado na sega pode inferirse coas sementes de plantas acompañantes dos cultivos (segundo a altura á que se sega e dos restos das malas herbas).

Existirían despois unha extensa gama de útiles para mallar ou angazar, e peneirar-aventar, e moer, da cal son testemuñas os infinitos muíños achados, ben de vaivén e a partir do ferro II (IV-II BC.) os muíños rotatorios. Esta moenda deixaría restos de fitólitos e amidóns que serán unha fonte para investigacións futuras.

Nos trigos (*Triticum*) predominarían os seguintes tipos: *T. turgidum*, *T. vulgare*, *T. aestivum*, *T. compactum*,

*T. spelta*, *T. dicoccon*. O *T. sphaerococcum* foi citado nalgúns xacementos portugueses.

En realidade serían botanicamente só dúas especies coas súas subespecies: *T. turgidum* (tetraploide): *T. t. turgidum* e *T. t. dicoccon*, e o *T. aestivum* (hexaploide): *T. a. vulgare*, *T. a. spelta* e *T.a. compactum* ( Romero Zarco, 2015).

É de subliñar que nos castros galegos (aínda que si nos portugueses) non aparecen sementes de vide (*Vitis*) nin de liño (*Linum*) nin tampouco de froitos nin sementes de faia (*Fagus*), castiñeiro (*Castanea*) nin de piñeiro (*Pinus*), aínda que si hai numerosos poles destes vexetais nos diagramas da época.

Os grans achados por nós en Trelle corresponden a *Triticum*, moi posiblemente a *T. aestivum spelta* (hexaploide). Non puidemos efectuar unha determinación máis precisa por carecer dos instrumentos biométricos adecuados. Esperemos que nun futuro poidamos aplicarlle as pautas publicadas por Téllez R. et. al ., 1990.

Queda aínda no terreo experimental traballo sobre a carbonización de especies actuais, para a súa comparación cos restos das escavacións e a aplicación nestas de métodos sistemáticos de extracción (unidades de flotación autónoma de Carrocera et al. e outras técnicas de cribaxe e flotación).

### O trigo castrexo

Hai unha extensa bibliografía recente sobre paleocarpoloxía no mundo dos castros. Existen as fontes inexactas e míticas clásicas, como son as que aparecen no Libro III, 7, 155, de Estrabón «as landras, secas e trituradas, móenas para facer pan».

A partir dos anos 80 do século pasado aparecen estudos sobre restos recolleitos de forma sistemática e non esporadicamente en Galicia e norte de Portugal. Estes confirmannos a existencia dunha economía agrícola de tipo cerealístico (trigo e cebada, complementados con millo miúdo común como cereal de inverno, que proporcionaría unha segunda colleita).

Pasouse no territorio desde o «landman» (detrimento arbóreo) a unha «estepa cultural», cun aumento do pole de cereal nos xacementos estudados (do 3500/3000 BP ata o 1500/1000 BP) Este fenómeno relaciónase co desenvolvemento da Cultura Castrexa (existen as sínteses de Ramil, P., 1993; Téllez, R. et al., 1990; Parcero, C. et al., 2007, e Teira Brión, A., 2010).

Os froitos e as sementes achados nos poboados son moi numerosos:

- **Trigo** (*Triticum aestivum* e *T. Turgidum*): castros da Graña, Barán, Boimorto, Cameixa, Castromao, Castrovite, Cortegada, Fózara, Laias, Montaz, Penalba, Saceda, Trelle, Torroso, Vigo, Viladonga, Vixil.
- **Cebada** (*Hordeum vulgare*): Castromao, Castrovite, Cortegada, Laias, Montaz, Torroso.
- **Millo miúdo común** (*Panicum miliaceum*): Castrovite, Montaz, Penalba, Penarrubia, Santomé (?).
- **Centeo** (*Secale cereale*): Cortegada, Cameixa (?), Saceda (?).
- **Avea** (*Avena sp.*): Cameixa, Castromao, Castrovite, Viladonga.
- **Faba** (*Faboca*) (*Vicia faba*): Cameixa, Castromao, Castrovite, Laias, Saceda, Vixil.
- **Col e mostaza** (*Brassica* e *Sinapis*): Saceda, Viladonga.
- **Landras de carballo, cerquiño, sobreira, aciñeira**, etc. (*Quercus sp. pl.*): Cameixa, Castromao, Castrovite, Cortegada, Laias, Montaz, Fózara, Penalba, Penarrubia, Santomé (?), Torroso, Troña, Viladonga, Vixil.
- **Abeleira** (*Corylus*). Cortegada, Fózara.
- **Serbal** (*Sorbus aucuparia*): Cameixa.
- **Pereira** (*Pyrus sp.*): Cameixa, Castromao, Viladonga.

Temos que sinalar que as plantas que se poderían utilizar para consumir (froitos, sementes, talos, raíces, bulbos, etc.) poderían alcanzar case o medio cento.

A fase de acumulación de excedentes, que supera a fase de autoconsumo está perfectamente documentada en Laias (O Castelo, Barbantes, Cenlle, Ourense), en Castrovite, (Orozo, A Estrada, Pontevedra) e no castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña). En Laias aparecen fosas e estruturas complexas de almacenamento (para *Triticum aestivum spelta*, *Panicum miliaceum* e *Vicia faba*) datadas no Ferro II (ou na transición á ocupación romana). Trátase de silos rectangulares de 1-1,5 m, con fondo de madeira ou cortiza e paredes de vexetais trenzados, recubertos de arxila. Estas acumulacións revelan unha importante centralización de recursos, con redistribución no territorio, cunha estrutura política, dirixida por unha elite. Ten os seus paralelos nos poboados fortificados británicos e irlandeses (ex. no xacemento de Danebury). O castro foi destruído ao realizar o trazado da autovía A-52 na década dos 90 do pasado século.

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

galicia



XUNTA  
DE GALICIA